

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS
POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Silvia
Retortillo
Cantón



EL MUNDO EN JUEGO. Fundación Entreculturas, 2017.

Un material lúdico orientado a nenos, nenas e adolescentes que aborda catro eixos fundamentais para a construción de cidadanía global: mobilidade humana, interculturalidade, xénero e medio ambiente. Os autores pretenden que o xogo sexa unha ferramenta para o desenvolvemento da dimensión sociafectiva, como clave para ser cidadás e cidadáns nun mundo interrelacionado e en cambio constante. Somos os responsables de construír unha cidadanía inclusiva, pacífica, xusta e sostible.

Descárgao en  <https://bit.ly/3mezW7Y>

BIOLOGÍA PARA ELISA : LA POESÍA DEL CONOCIMIENTO. Tundra, 2022.


Con esta obra de divulgación científica, o autor trata de facer accesible ao público en xeral, e aos mozos en particular, as aplicacións que o coñecemento da bioloxía moderna pode achegarnos para vivir unha vida máis plena, máis consciente e máis feliz. Ofrécenos unha mensaxe positiva sobre a futura relación do ser humano coa biosfera, lonxe da corrente apocalíptica predominante nos medios de comunicación.



Alejandro
Martínez
Abraín

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Xoán
Babarro,
Estefanía
Padullés.



O BAÚL DE DOMINGOS QUINTAS. Hércules de Ediciones, 2017.

Unha historia autobiográfica coa que o autor persegue render homenaxe ao seu bisavó. A voz narradora relata a apertura dun vello baúl onde se atopan singulares poemas escritos sobre cortizas de bidueiro. Composicións que están vinculadas co mundo da fauna en xeral, tanto aquela máis especificamente galega como a que resulta máis allea a nós.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santa Comba](#), [A Coruña](#), [As Pontes](#), [Coristanco](#), [Fene](#), [Lourenzá](#), [Láncara](#), [Maceda](#), [Miño](#), [Monterroso](#), [Narón](#), [Oroso](#), [Outes](#), [Ponteceso](#), [Santiago](#), [Salvaterra Miño](#), [Taboada](#).

Bibliotecas Universitarias: [UVIGO](#)

TIEMPO DE HAIKUS. Akiara Books, 2022

O haiku é un poema brevísimo, de só tres versos curtos, orixinario de Xapón. Axúdanos a sentir plenamente o instante e a descubrir a beleza dos detalles. Este libro encerra todos eses detalles que a natureza agocha e está a desexar que aprendamos a descubrir. Convidámosche a unha viaxe de inmersión na natureza a través das catro estacións.



J. N.
Santaaulàlia,
Luciano
Lozano

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Vigo](#)



Varios
autores/as



X CERTAMEN DE CUENTOS GIJÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE. Ayto. Gijón, Empresa Municipal Serv. Med. Ambiente, Urbano Gijón, Empresa Munic. Aguas, Fund. Munic. Cultura, Univ. Popular Gijón, 2021

O Concello de Xixón, tan estreitamente vinculado coa natureza, presenta os traballos que o alumnado de Educación Infantil, Primaria e ESO creou para o X Certame de Relatos Curtos sobre o Medio Ambiente. Todos os anos os escolares únense á celebración do Día Mundial do Medio Ambiente coa súa fresca creatividade e imaxinación envexable. As súas visións do presente e do futuro.

Descárgao en



<https://bit.ly/3llwv0L>

REVISTA PASPALLÁS: BOLETÍN DIVULGATIVO DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL. Nº 59, decembro 2022

A revista PASPALLÁS é o boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.). Neste número participa o alumnado e profesorado do IES Félix Muriel cun proxecto ERASMUS sobre emerxencia climática, recollendo os efectos devastadores dos gases de efecto invernadoiro en plantas e animais en perigo de extinción.



IES Félix
Muriel

Descárgao en



<https://bit.ly/3SIMcK4>

Volker
Mehnert,
Martin
Haake



RÍOS DEL MUNDO. Libros del Zorro Rojo, 2021

Como unha fronteira política ou cultural, un roteiro comercial ou un lugar de culto, os ríos sempre foron protagonistas e testemuñas da historia da humanidade. Este libro presenta 19 ríos lendarios e móstranos a diversidade das súas paisaxes e os lugares emblemáticos que bañan as súas augas. Un libro de gran tamaño, cun mapa despregable do Nilo no interior, que convida a ser lido no chan para reflexionar sobre a importancia de preservar a riqueza natural do planeta

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Redondela](#), [Cambre](#), [Narón](#), [Porriño](#), [Ourense](#), [Santiago](#), [Rianxo](#), [Vigo](#).

MOBILIDAD SOSTENIBLE INCLUSIVA Y SEGURA.

Generalitat Valenciana, 2022

Os avances técnicos permitíronnos ir máis lonxe, máis rápido e con maior capacidade de transporte. Estes avances levaron asociados importantes problemas socioambientales de todo tipo: contaminación, ocupación do territorio, alteración da biodiversidade, consumo de materias primas, accidentes e alteracións na saúde humana... Esta exposición, aborda o tema da mobilidade e o seu impacto sobre o medio ambiente e o ser humano, coa intención de facer posible os cambios necesarios cara a unha mobilidade segura, saudable e sostible.



Centre
D'Educació
Ambiental
Comunitat
Valenciana

Descárgao en



[Dossier exposición](#)
[Actividades didácticas](#)





Eloísa
Tréllez
Solís



GUÍA DE HERRAMIENTAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA AMÉRICA LATINA Y EL CARIBE. Programa de las Naciones Unidas para el Medio Ambiente – PNUMA, Red de Formación Ambiental para América Latina y el Caribe, 2023.

Esta guía, dirixida principalmente a docentes, ten o propósito de impulsar enfoques interdisciplinarios, con miras á transversalidade da educación ambiental. No novo contexto dun mundo post emerxencia sanitaria COVID-19 este enfoque vólvese máis relevante e necesario para lograr unha mellor visión e entendemento das relacións entre o ser humano e a natureza; entre as sociedades, culturas e cos ecosistemas, dos que depende. Este enfoque permite unha educación baseada en valores, a cal fortalece o pensamento crítico, capacidade analítica, empatía, respecto e a corresponsabilidade para lograr unha ética ambiental colectiva.

Descárgao en



<https://bit.ly/3kHZGcv>

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 28.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>